

# Conxuntura estatística do ámbito cultural. Novembro de 2024

DOI: 10.17075/ceacn. 2024

## 1. Introducción

Este informe constitúe a oitava conxuntura estatística do ámbito cultural que elabora o Consello da Cultura Galega e dá seguimento a unha serie de documentos de traballo publicados a partir de 2020 nos que se realiza unha análise periódica dos datos dispoñibles para describir o sector cultural galego e dar conta da súa evolución.

A última conxuntura publicada en decembro de 2023<sup>1</sup> sinalaba unha evolución positiva do sector cultural en Galicia, con melloras no emprego cultural e nas afiliacións á Seguridade Social, impulsadas sobre todo polos traballadores autónomos. O crecemento, non obstante, era máis moderado que no conxunto da economía galega. As administracións locais e autonómica incrementaban o seu apoio orzamentario á cultura, especialmente en 2023, mentres que o gasto das familias en servizos culturais crecía de maneira importante.

Este informe abrangue unha análise completa sobre o sector cultural en Galicia. A primeira parte aborda o emprego, tanto segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) como a través das afiliacións á Seguridade Social, para identificar as tendencias no mercado laboral cultural. O apartado de empresas examina as novas creacións rexistradas no Boletín Oficial del Registro Mercantil (BORME) e as empresas con traballadores en situación de alta na Seguridade Social para achegar unha visión sobre a dinámica empresarial. Tamén se fai unha análise sobre o comercio exterior, onde se aborda o intercambio de produtos culturais, o Índice de Prezos ao Consumo (IPC), que reflicte a evolución dos prezos, e o gasto dos fogares en bens e servizos culturais. Así mesmo, inclúense dous apartados sobre a confianza dos consumidores e o gasto público en cultura, antes de centrarse en sectores específicos como o libro, o cine e o turismo cultural. Para rematar, preséntase unha visión global a través da análise das contas económicas das principais magnitudes das actividades do ámbito cultural.

## 2. Emprego

Este capítulo analiza a situación do emprego cultural en Galicia a través de dous enfoques complementarios. Primeiro explórase o mercado laboral segundo a EPA, que proporciona unha visión das tendencias xerais. A continuación, preséntase un estudo detallado das afiliacións á Seguridade Social no ámbito cultural, que permite identificar a evolución específica dos

---

<sup>1</sup> [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2023\\_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Decembro-de-2023.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2023_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Decembro-de-2023.pdf)

traballadores no sector, incluídos tanto asalariados como autónomos, así como segmentacións por actividades.

## 2.1 Emprego cultural na EPA


O Ministerio de Cultura fai unha explotación específica dos datos da EPA no ámbito cultural. Inclúense dentro da categoría de emprego cultural todas as persoas ocupadas que traballan no ámbito cultural, aplicando un criterio amplo que abrangue tanto as ocupacións culturais en calquera sector económico como calquera ocupación dentro dunha actividade económica cultural. Proporciona datos absolutos e porcentaxe de persoas ocupadas que desenvolven a súa actividade laboral en Galicia e no conxunto de España e correspóndense coas medias móbiles<sup>2</sup> das cifras anuais. Abranguen o período comprendido entre o primeiro trimestre de 2020 e o segundo de 2024.

A gráfica seguinte mostra que no conxunto do Estado hai unha tendencia xeral de incremento, partindo de 668.100 persoas empregadas dende o primeiro ata o cuarto trimestre de 2020 e alcanza as 750.000 no período que abrangue dende o terceiro trimestre de 2023 ata o segundo de 2024. Galicia, pola súa banda, mantén cifras máis estables, con variacións entre 34.800 e 37.400 persoas ocupadas no sector cultural ao longo do mesmo período. Destaca o feito de que, mentres que o crecemento en España é máis marcado, en Galicia as variacións son menos pronunciadas e oscilan entre os 34.800 e os 37.400 empregos.

---

<sup>2</sup> Media dos datos do período que abrangue cada intervalo temporal.

### Evolución das cifras totais de emprego cultural. Datos anuais (medias móviles en miles)



Fonte: Ministerio de Cultura

Se se comparan períodos con 12 meses de diferenza, entre segundo de 2023 e o mesmo de 2024, o emprego cultural en Galicia aumentou lixeiramente de 36.300 a 36.800 persoas ocupadas, o que representa un incremento aproximado do 1,4%. En contraste, no conxunto de España, o emprego cultural creceu de 692.700 a 750.000 persoas no mesmo intervalo, implicando un aumento máis significativo dun 8,3%. Con todo, nos últimos tres trimestres, o emprego cultural en Galicia diminuíu lixeiramente.

Se se analizan os datos en porcentaxe de emprego cultural sobre o total, obsérvase unha décima menos que o trimestre anterior, co que se rompe a tendencia á estabilidade que había dende o cuarto trimestre de 2022. O número de persoas empregadas en actividades do ámbito cultural no conxunto do Estado constitúe un 3,5% do total, tres décimas porcentuais máis que na comunidade galega.



### Evolución da porcentaxe de emprego cultural sobre o total

	España	Galicia
1T/20 - 4T/20	3,5	3,2
2T/20 - 1T/21	3,5	3,3
3T/20 - 2T/21	3,4	3,4
4T/20 - 3T/21	3,4	3,3
1T/21 - 4T/21	3,5	3,2
2T/21 - 1T/22	3,5	3,2
3T/21 - 2T/22	3,5	3,2
4T/21 - 3T/22	3,5	3,3
1T/22 - 4T/22	3,4	3,3
2T/22 - 1T/23	3,4	3,3
3T/22 - 2T/23	3,4	3,3
4T/22 - 3T/23	3,4	3,3
1T/23 - 4T/23	3,4	3,3
2T/23 - 1T/24	3,5	3,3
3T/23 - 2T/24	3,5	3,2

Fonte: Ministerio de Cultura

## 2.2. Afiliacións á Seguridade Social

En Galicia, as afiliacións á Seguridade Social no sector cultural pasaron de 20.553 en setembro de 2023 a 20.769 en setembro de 2024, cifra que representa un incremento do 1,05%, lixeiramente superior á variación do total xeral de afiliacións, que aumentou un 0,86% no mesmo período. A porcentaxe de afiliacións culturais en relación co total mantívose entre o 1,89% e o 1,98% e acadou os valores máis altos en maio e xuño de 2024. O sector cultural experimentou un crecemento estable e constante e mantivo a súa contribución ao redor do 1,9% do total de afiliacións á Seguridade Social. O patrón de mínimos en inverno e máximos en verán mantense igual que noutros períodos analizados: segue unha dinámica estacional, con maior actividade nos meses centrais do ano.

### Afiliacións á Seguridade Social en Galicia

	Xeral	Cultura	% cultura
Set. 2023	1.069.286	20.553	1,92
Oct. 2023	1.061.648	20.182	1,90
Nov. 2023	1.061.546	20.106	1,89
Dec. 2023	1.055.066	20.273	1,92
Xan. 2024	1.048.808	19.903	1,90
Feb. 2024	1.052.842	20.066	1,91
Mar. 2024	1.063.271	20.156	1,90
Abr. 2024	1.067.327	20.491	1,92



Mai. 2024	1.075.263	21.248	1,98
Xuñ. 2024	1.084.975	21.405	1,97
Xul. 2024	1.088.806	20.572	1,89
Ago. 2024	1.089.794	21.050	1,93
Set. 2024	1.078.487	20.769	1,93

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

O sector cultural mantivo unha alta proporción de autónomos, arredor do 45%, o cal reflicte a dependencia deste réxime neste ámbito. As afiliacións no réxime xeral oscilaron máis ao longo do ano, alcanzaron un pico en xuño de 2024 (12.013) e reducíronse lixeiramente ata setembro, mentres que as afiliacións de autónomos permaneceron máis estables, cun pequeno aumento de 166 rexistros. A proporción de autónomos baixou levemente nos meses de verán, coincidindo cun aumento no réxime xeral, o que suxire maior contratación por conta allea nos meses de maior actividade cultural.

#### Afiliacións á Seguridade Social nas actividades culturais segundo réxime

	Réxime xeral	Autónomos	% autónomos
Set. 2023	11.400	9.153	44,5
Oct. 2023	11.038	9.144	45,3
Nov. 2023	10.982	9.124	45,4
Dec. 2023	11.105	9.168	45,2
Xan. 2024	10.805	9.098	45,7
Feb. 2024	10.865	9.201	45,9
Mar. 2024	10.884	9.272	46,0
Abr. 2024	11.188	9.303	45,4
Mai. 2024	11.900	9.348	44,0
Xuñ. 2024	12.013	9.392	43,9
Xul. 2024	11.239	9.333	45,4
Ago. 2024	11.720	9.330	44,3
Set. 2024	11.450	9.319	44,9

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

Na análise dos datos de afiliacións desagregados por provincias, pódese comprobar que A Coruña mantivo o maior número. A de Lugo experimentou un notable incremento en xuño e chegaron ata as 2.024 debido a actividades estacionais, antes de baixar a 1.613 en setembro. Na provincia de

Ourense obsérvase estabilidade sen grandes cambios, finalizando en setembro con 1.525 afiliacións. Por último, na de Pontevedra produciuse un incremento destacado en maio (6.801), seguido dun descenso ata estabilizarse en torno ás 6.300 afiliacións a finais de verán, rematando en setembro con 6.283 rexistros. A provincia da Coruña destaca pola súa estabilidade, así como a de Ourense que mantén unha tendencia constante, mentres que as de Lugo e Pontevedra experimentaron picos importantes no verán por ter mais actividade estacional.

#### Afiliacións á Seguridade Social nas actividades culturais por provincias

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Set. 2023	11.084	1.607	1.569	6.293
Oct. 2023	10.950	1.558	1.551	6.123
Nov. 2023	10.913	1.558	1.549	6.086
Dec. 2023	10.934	1.560	1.594	6.185
Xan. 2024	10.856	1.541	1.557	5.949
Feb. 2024	10.959	1.580	1.539	5.988
Mar. 2024	10.994	1.567	1.550	6.045
Abr. 2024	11.242	1.589	1.547	6.113
Mai. 2024	11.250	1.624	1.573	6.801
Xuñ. 2024	11.365	2.024	1.618	6.398
Xul. 2024	11.149	1.582	1.533	6.308
Ago. 2024	11.422	1.657	1.574	6.397
Set. 2024	11.348	1.613	1.525	6.283

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As tendencias principais no emprego amosan tres patróns distintos en función do tipo de actividade. Tal como se ve na seguinte táboa, o primeiro podería denominarse crecemento estable e refírese a actividades como as profesionais da cultura e o sector audiovisual, que presentan un incremento continuo ao longo do ano, o cal reflicte unha demanda sostida. Esta tendencia vese especialmente nas actividades profesionais da cultura, que pasaron de 6.270 a 6.488 afiliacións entre setembro de 2023 e setembro de 2024.

O segundo patrón é o da estacionalidade e pode observarse en subsectores como a educación cultural, as artes escénicas e actividades creativas, que amosan picos de actividade en determinados períodos do ano. No caso da educación cultural, as afiliacións medran ata a primavera para despois descender notablemente nos meses de verán coincidindo co fin do

período académico, mentres que as artes escénicas acadan o seu máximo en xuño, cando adoita haber maior oferta de eventos culturais e festivais, antes de baixar en setembro.

Finalmente, o terceiro patrón é o de estabilidade ou lixeira redución, que caracteriza a segmentos como artes gráficas, fabricación de produtos culturais e axencias de noticias, que amosan unha estabilidade relativa ou unha lixeira diminución ao longo do ano. A fabricación de produtos culturais, por exemplo, rexistra unha baixada de afiliacións de 280 a 263 neste período. Este patrón pode responder a unha menor demanda estacional ou a cambios na estrutura do mercado para estes subsectores.

As tendencias de 2023 a 2024 indican unha estabilidade xeral en comparación co período anterior, con lixeiras recuperacións en sectores como o audiovisual e servizos culturais, mentres que outros como fabricación de produtos culturais e axencias de noticias, continúan en descenso. A educación cultural e as artes escénicas mantéñense estacionais, cun patrón de incremento e posterior descenso no verán.

#### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades culturais por sectores de actividade


	Set. 2023	Out. 2023	Nov. 2023	Dec. 2023	Xan. 2024	Feb. 2024	Mar. 2024	Abr. 2024	Mai. 2024	Xuñ. 2024	Xul. 2024	Ago. 2024	Set. 2024
Artes gráficas	654	650	649	646	642	646	650	654	650	655	668	659	657
Fabricación de produtos culturais	280	278	273	269	270	268	268	268	267	264	271	269	263
Comercio de produtos culturais	2.937	2.890	2.893	2.954	2.879	2.858	2.875	2.875	2.883	2.908	2.934	2.935	2.887
Edición	1.776	1.768	1.771	1.762	1.743	1.742	1.756	1.770	1.758	1.789	1.860	1.862	1.787
Sector audiovisual	3.090	3.110	3.058	3.090	3.027	3.007	2.990	3.044	3.120	3.126	3.083	3.154	3.162
Axencias de noticias e outros servizos de información	666	678	692	695	689	701	690	682	684	668	659	653	640
Actividades profesionais da cultura	6.270	6.268	6.264	6.224	6.201	6.252	6.282	6.295	6.328	6.375	6.407	6.432	6.488
Educación cultural	882	986	1.028	1.061	1.073	1.090	1.099	1.110	1.077	933	736	716	912
Artes escénicas e actividades creativas	3.546	3.123	3.058	3.167	2.983	3.093	3.118	3.344	4.019	4.225	3.488	3.880	3.515
Bibliotecas, arquivos, museos e outros servizos culturais	452	431	420	405	396	409	428	449	462	462	466	490	458

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións



Nunha análise máis detallada por cada un dos epígrafes da clasificación de actividades, as artes gráficas mantéñense relativamente estables entre setembro de 2023 e setembro de 2024, con pequenas variacións que non mostran cambios bruscos. Os segmentos de preimpresión e impresión de xornais amosan lixeiros picos no verán, mentres que a encadernación e reprodución de soportes permanecen case inalterados. En xeral, este subsector totalizou 654 afiliacións en setembro de 2023 e 657 no mesmo mes de 2024, o que indica unha estabilidade continuada do emprego neste ámbito.

#### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades das artes gráficas




Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

A fabricación de produtos culturais amosou unha tendencia descendente, xa que pasa de 280 afiliacións en setembro de 2023 a 263 en setembro de 2024. A actividade de fabricación de xoiaría foi a que maiormente contribuíu a esta diminución, mentres que a de instrumentos musicais se mantivo practicamente invariable. Este comportamento suxire unha posible caída na demanda.




### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades de fabricación de produtos culturais



Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

O comercio de produtos culturais rexistra poucos cambios. As actividades máis destacadas son o comercio polo miúdo de artigos de relojería e xoiaría, así como o de libros, os cales representan a maior parte das afiliacións dentro deste agregado.


### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades de comercio de produtos culturais



Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

O total do subsector de edición mantense tamén constante, cunha lixeira tendencia á alza nos meses de verán para acadar un pico de 1.862 afiliacións en agosto de 2024. As actividades de edición de xornais e libros dominan en número de afiliacións, polo que representan a maior parte do emprego neste segmento. En cambio, a edición de videoxogos é a actividade con menos afiliacións, aínda que mostra unha recuperación a partir de marzo de 2024. Este comportamento xeral suxire unha demanda consistente neste eido.

#### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades de comercio de produtos culturais



Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

O sector audiovisual en Galicia presenta un leve crecemento, pasando de 3.090 afiliacións en setembro de 2023 a 3.162 no mesmo mes de 2024, cifra que representa un incremento total do 2,2%. Destacan as actividades de produción cinematográfica e de vídeo e as de programación e emisión de televisión como as máis numerosas en termos de afiliacións, cun incremento significativo no primeiro caso e un comportamento estable no segundo. As actividades de exhibición cinematográfica e gravación de son presentan variacións notables, o cal reflicte posibles ciclos estacionais e

unha crecente demanda nestes ámbitos. Outras actividades como a posprodución e a distribución cinematográficas amosan evolucións positivas, mentres que a distribución de programas de televisión mantén unha participación mínima no sector, como se pode observar nas seguintes táboas.

**Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades audiovisuais. Táboa I**

	Posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de TV	Exhibición cinematográfica	Producción cinematográfica e de vídeo	Producción programas de TV	Distribución cinematográfica e de vídeo
Set. 2023	127	276	1.037	146	34
Oct. 2023	146	306	1.004	151	35
Nov. 2023	147	262	977	156	35
Dec. 2023	158	306	933	150	36
Xan. 2024	139	260	931	158	35
Feb. 2024	140	260	911	172	37
Mar. 2024	134	287	891	153	40
Abr. 2024	145	264	971	149	40
Mai. 2024	134	268	1.050	152	41
Xuñ. 2024	135	280	1.003	155	42
Xul. 2024	145	288	962	144	41
Ago. 2024	138	281	1.046	139	41
Set. 2024	145	246	1.095	159	40

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións


**Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades audiovisuais. Táboa II**

	Distribución de programas de TV	Gravación de son e edición musical	Radiodifusión	Programación e emisión de TV
Set. 2023	1	131	389	949
Oct. 2023	1	129	384	954
Nov. 2023	1	123	388	969
Dec. 2023	1	131	398	977
Xan. 2024	1	128	400	975
Feb. 2024	1	125	397	963
Mar. 2024	1	131	392	961
Abr. 2024	1	135	391	948
Mai. 2024	1	140	389	945
Xuñ. 2024	1	156	393	961
Xul. 2024	1	141	401	960
Ago. 2024	1	148	400	960
Set. 2024	1	146	384	946

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións


O subsector correspondente ás axencias de noticias e outros servizos de información amosa unha tendencia descendente ao longo do período, con lixeiras fluctuacións en ambas actividades. O total do segmento pasou de 666 afiliacións en setembro de 2023 a 640 no mesmo mes de 2024, o que supón un descenso do 3,9%. Destaca especialmente a actividade doutros servizos de información, que representa a maior parte das afiliacións e amosa un comportamento máis variable ao longo do ano.

#### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades das axencias de noticias e outros servizos de información




Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As actividades profesionais da cultura en Galicia mostran comportamentos variados. Os servizos técnicos de arquitectura experimentan un crecemento gradual que reflicte unha demanda constante, mentres que as de deseño especializado rexistran un incremento significativo. As actividades de fotografía caracterízanse pola estabilidade, aínda que a comezos do ano descenden lixeiramente e se recuperan nos meses estivais. Por último, a tradución e interpretación mostra unha leve diminución, o cal suxire unha menor demanda destes servizos.

**Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades profesionais da cultura**

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As actividades de educación cultural son algunhas das que reflicten maior temporalidade no sector cultural, xa que se poden observar picos de actividade en determinados períodos do ano. De feito, como mostra a seguinte gráfica o número de afiliacións sobe ata a primavera e descenden de xeito notable nos meses de verán para recuperarse en setembro, co inicio do curso.


**Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades de educación cultural**

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As artes escénicas rexistran variacións destacables, cunha baixada inicial no número de afiliacións que se recupera nos meses de maio e xuño, pero que descende de novo, aínda que lixeiramente, en setembro. As actividades auxiliares ás artes escénicas tamén mostran un comportamento fluctuante, con aumentos notables en maio e xuño, seguidos dun lixeiro descenso nos meses seguintes. A creación artística e literaria mantense estable, con pequenas oscilacións ao longo do ano e alcanzan a cifra máxima no mes de xuño antes de estabilizarse. Finalmente, a xestión de salas de espectáculos experimenta un notable incremento en xuño, seguido dun descenso gradual, o cal reflicte unha estacionalidade neste tipo de actividade.

#### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades das artes escénicas

DOCUMENTOS  
DE TRABALLO  
**CCG**




Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outros servizos culturais experimentan un crecemento gradual, con 172 afiliacións en setembro de 2023 e un pico de ata 194 en agosto de 2024, para descender lixeiramente

no mes setembro ata 183. No que respecta á xestión de lugares e edificios históricos, a liña de evolución presenta variacións significativas relacionadas claramente coa estacionalidade, con mínimos en xaneiro (58 afiliacións) e máximos en agosto (88). O mesmo sucede coas actividades de xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais cunha suba das afiliacións durante a primavera e o verán. En relación co sector das bibliotecas o número de afiliacións permanece estable ao longo da serie temporal, mentres que o ámbito dos arquivos mostra unha lixeira oscilación pero cunha liña de tendencia bastante regular.

#### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outros servizos culturais



Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións



### 3. Empresas culturais

Neste capítulo analízase o tecido empresarial cultural en Galicia en dous apartados. O primeiro estuda as novas creacións de empresas do ámbito cultural rexistradas no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME), mentres que o segundo examina as empresas con traballadores asalariados dados de alta na Seguridade Social.

#### 3.1 Creación de empresas culturais

Segundo a explotación do BORME, entre o mes de outubro de 2023 e setembro de 2024 creáronse en Galicia 131 empresas culturais, 4 menos que nos 12 meses anteriores. En contraste, a creación de empresas no conxunto galego medrou un 8% no mesmo período.


##### Evolución do número empresas culturais e do total de empresas creadas en Galicia

	Out. 2022/Set. 2023	Out. 2023/Set. 2024
Empresas culturais	135	131
Total empresas	3.901	4.244

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil

As actividades empresariais con maior crecemento en cifras absolutas foron os servizos de información con 9 empresas máis e as actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical con 3 máis. As que menos se incrementaron foron as de publicidade e estudos de mercado (16 empresas menos no período) e as de creación, artísticas e de espectáculos (4 menos).

##### Evolución do número de empresas culturais creadas por tipo de actividade



Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil

Por provincias, conséctase que na da Coruña se crearon máis da metade das empresas culturais de Galicia entre outubro de 2023 e setembro de 2024. Séguelle a de Pontevedra onde se estableceron 43 novas empresas e a moita distancia as provincias de Lugo e Ourense, con 15 e 6 novas empresas culturais respectivamente. Se se comparan estes datos cos do mesmo período do ano anterior, obsérvase que en termos absolutos foi na provincia da Coruña na que máis empresas se crearon (4 máis), seguida da de Lugo e da de Ourense, con 3 e 2 empresas máis respectivamente. Porén, na provincia de Pontevedra creáronse 9 empresas culturais menos ca no mesmo período do ano anterior.

**Número de empresas culturais creadas en Galicia por provincias**


	Out. 2022/Set. 2023		Out. 2023/Set. 2024	
	Total	Porcentaxe	Total	Porcentaxe
Galicia	135	100,0	131	100,0
A Coruña	63	47,0	67	51,1
Lugo	12	8,9	15	11,4
Ourense	8	5,9	6	4,6
Pontevedra	52	38,5	43	32,8

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil

Na evolución temporal obsérvase que existe unha flutuación na cifra de empresas culturais creadas durante estes 24 meses, que acada o seu pico máis alto en xaneiro de 2024, con 19 compañías establecidas, e o máis baixo en agosto deste mesmo ano, con tan só 3 novas entidades. No que respecta ao total de empresas, apréciase unha maior estabilidade, aínda que os picos prodúcense en marzo de 2023, con 453 novas entidades e en xaneiro de 2024 con 449 compañías. Pode comprobarse que as tendencias en ambos os dous casos son opostas: mentres que para o total de empresas creadas en Galicia neste período se percibe unha tendencia á estabilidade pero lixeiramente ascendente, as culturais experimentan un descenso no ritmo de creación de empresas.



### Evolución do número de empresas totais e culturais creadas




Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil

### 3.2 Empresas na Seguridade Social

Entre os meses de setembro de 2023 e 2024, o número de empresas culturais con traballadores dados de alta na Seguridade Social en Galicia experimentou unha clara variación, pasando de 2.112 en setembro de 2023 a un mínimo de 2.001 en xaneiro de 2024. Con todo, a partir desa data o aumento foi progresivo ata chegar ás 2.103 en xuño de 2024 para manter certa estabilidade nos últimos dous meses, con 2.060 entidades a finais da serie temporal analizada.

#### Evolución do número de empresas culturais en Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

Na análise por provincias, A Coruña lidera un descenso no número de empresas con traballadores activos, con 953 en setembro de 2023 ata un mínimo de 898 en xaneiro de 2024 e logo unha recuperación ata 944 en setembro de 2024. En segundo lugar está Pontevedra, que contaba con 722 empresas en setembro de 2023, cifra que se reduciu ata 678 en xaneiro dese ano e logo vai recuperándose ata acadar a cifra de 704 en setembro de 2024. As provincias de Lugo e Ourense mostran cifras máis baixas e máis estables, sen grandes flutuacións: Lugo mantense arredor de 218 empresas durante o ano, mentres que Ourense experimenta un descenso de 215 a 198. Estes datos reflicten unha maior estabilidade en Lugo e Ourense fronte ás flutuacións máis destacadas na Coruña e Pontevedra.

**Evolución do número de empresas culturais en Galicia por provincias**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Set. 2023	953	222	215	722
Out. 2023	934	221	215	710
Nov. 2023	928	218	212	710
Dec. 2023	919	218	216	714
Xan. 2024	898	216	209	678
Feb. 2024	905	218	201	690
Mar. 2024	908	213	205	692
Abr. 2024	917	218	208	693
Mai. 2024	933	219	210	711
Xuñ. 2024	963	217	211	712
Xul. 2024	922	211	197	694
Ago. 2024	944	218	203	713
Set. 2024	944	214	198	704

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

A análise do número de empresas culturais por actividade amosa diferenzas entre os distintos subsectores, tal e como se analiza a continuación. As empresas de impresión de xornais, por exemplo, aumentaron de 13 a 15 durante a serie temporal, mentres que os servizos de preimpresión permaneceron estables en 33 empresas. No caso das de encadernación diminuíron de 13 a 11 entidades, mentres que as de reprodución de soportes gravados mantivéronse nun número constante (6).



### Evolución do número de empresas nas actividades de artes gráficas

	Impresión de xornais	Servizos de preimpresión e preparación de soportes	Encadernación e servizos relacionados	Reproducción de soportes gravados
Set. 2023	13	33	13	7
Out. 2023	13	33	13	6
Nov. 2023	14	33	13	6
Dec. 2023	15	33	12	6
Xan. 2024	15	33	12	6
Feb. 2024	15	33	12	6
Mar. 2024	16	33	12	6
Abr. 2024	17	33	11	6
Mai. 2024	17	33	11	6
Xuñ. 2024	17	33	11	6
Xul. 2024	16	33	11	6
Ago. 2024	16	33	11	6
Set. 2024	15	33	11	6

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

Nas actividades de fabricación de produtos culturais, entre os que se inclúe xoiaría e artigos similares xunto con instrumentos musicais, obsérvase unha grande estabilidade no número de empresas ao longo do período analizado, con 25 no primeiro caso e 4 no segundo, como se pode ver na seguinte táboa.

### Evolución do número de empresas nas actividades de fabricación de produtos culturais

	Xoiaría e artigos similares	Instrumentos musicais
Set. 2023	25	5
Out. 2023	25	4
Nov. 2023	25	4
Dec. 2023	26	4
Xan. 2024	26	4
Feb. 2024	25	4
Mar. 2024	25	4
Abr. 2024	25	4
Mai. 2024	25	4
Xuñ. 2024	25	4
Xul. 2024	25	4
Ago. 2024	26	4
Set. 2024	25	4

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

No conxunto de actividades de comercio, a cifra de empresas de venda polo miúdo de equipos de son e vídeo mantívose estable entre 25 e 27 entidades durante a serie temporal analizada, mentres que a das de venda de libros en establecementos especializados descendeu (de 230 a 217). No caso das empresas de gravación de música e vídeo, o número mantense constante en 3. En cambio as relacionadas co comercio polo miúdo de xoiaría e artigos similares descendeu de 216 a 207 empresas.

#### Evolución do número de empresas nas actividades de comercio de produtos culturais

	Comercio por xunto de artigos de reloxaaría e xoiaría	Comercio polo miúdo				Aluguer de cintas de vídeo e discos
		Equipos de son e vídeo	Libros en establecementos especializados	Gravacións de música e vídeo	Xoiaría e artigos similares	
Set. 2023	40	26	230	3	216	4
Out. 2023	39	25	223	3	215	3
Nov. 2023	39	26	224	3	213	3
Dec. 2023	40	26	228	3	217	3
Xan. 2024	41	25	225	3	209	3
Feb. 2024	40	27	222	3	209	3
Mar. 2024	41	27	222	3	213	3
Abr. 2024	41	25	220	3	209	3
Mai. 2024	41	26	219	3	211	3
Xuñ. 2024	40	26	220	3	209	3
Xul. 2024	40	27	221	3	211	3
Ago. 2024	38	26	223	3	208	3
Set. 2024	37	26	217	3	207	3

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

O número de empresas dedicadas á edición de libros aumentou de 49 a 52 durante a serie temporal analizada e mostra unha lixeira tendencia ao crecemento. A estabilidade marca o desenvolvemento das empresas de edición de periódicos cuxa cifra xira en torno a 40, mentres que a edición de revistas descende nunha empresa (de 14 a 13). Pola súa banda, as empresas de edición de videoxogos, tras certa flutuación durante o ano, finalizaron o período sen variación, con 9 empresas.

#### Evolución do número de empresas nas actividades de edición

	Edición de libros	Edición de periódicos	Edición de revistas	Edición de videoxogos
Set. 2023	49	40	14	9
Out. 2023	51	40	14	8
Nov. 2023	52	39	14	8
Dec. 2023	48	40	14	8



Xan. 2024	50	40	14	7
Feb. 2024	50	39	13	7
Mar. 2024	50	40	13	8
Abr. 2024	51	40	13	8
Mai. 2024	51	40	13	8
Xuñ. 2024	50	40	13	8
Xul. 2024	51	40	13	8
Ago. 2024	52	40	13	8
Set. 2024	52	40	13	9

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As empresas activas de posproducción cinematográfica incrementaron lixeiramente, pasando de 11 a 13. A exhibición cinematográfica mantívose en torno a 29-31, cun leve descenso en setembro de 2024. A cifra de empresas de produción cinematográfica experimentou variacións, reducíndose inicialmente ata 94 en xaneiro de 2024 e recuperándose ata 108 en setembro. As de produción de programas de TV oscilaron sen cambios significativos, manténdose 20 empresas ao final do período. A distribución cinematográfica permaneceu estable en 4-5 empresas ao longo do ano.

#### Evolución do número de empresas nas actividades audiovisuais. Táboa I

	Posprodu- ción cinema- tográfica	Exhibición ci- nematográ- fica	Produción cinemato- gráfica	Produción de progra- mas de TV	Distribución cinematográ- fica
Set. 2023	11	30	102	21	4
Out. 2023	14	31	109	20	4
Nov. 2023	14	31	106	21	4
Dec. 2023	14	31	100	22	4
Xan. 2024	14	30	94	20	4
Feb. 2024	14	30	98	19	5
Mar. 2024	12	31	97	20	5
Abr. 2024	13	32	107	21	5
Mai. 2024	12	31	110	21	5
Xuñ. 2024	12	29	109	23	5
Xul. 2024	13	28	103	20	4
Ago. 2024	14	29	101	21	4
Set. 2024	13	29	108	20	4

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

O número de empresas con traballadores de alta na Seguridade Social de gravación de son e vídeo variou entre 3 e 7, sen un patrón claro de crecemento ou diminución. As empresas de radiodifusión mantivéronse relativamente estables, entre 39 e 42, cunha lixeira redución a 40 en setembro de 2024. Pola súa banda, as entidades de programación e emisión de televisión aumentaron de 7 a 9 empresas ao longo do período.

**Evolución do número de empresas nas actividades audiovisuais. Táboa II**

	Gravación de son e vídeo	Radiodifusión	Programación e emisión de TV
Set. 2023	5	42	7
Out. 2023	7	41	7
Nov. 2023	4	41	7
Dec. 2023	6	41	7
Xan. 2024	5	41	7
Feb. 2024	3	41	7
Mar. 2024	5	42	7
Abr. 2024	4	40	7
Mai. 2024	5	40	7
Xuñ. 2024	7	40	8
Xul. 2024	3	40	8
Ago. 2024	7	39	8
Set. 2024	4	40	9

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As empresas dedicadas a actividades de axencias de noticias e outros servizos de información descendieron lixeiramente durante a serie temporal, establecéndose en 3 e 84 respectivamente.

**Evolución do número de empresas nas actividades de axencias de noticias e outros servizos de información**

	Axencias de noticias	Outros servizos de información n.c.o.p
Set. 2023	4	86
Out. 2023	4	87
Nov. 2023	4	88
Dec. 2023	4	88
Xan. 2024	4	89
Feb. 2024	4	90
Mar. 2024	4	90
Abr. 2024	4	89
Mai. 2024	4	87
Xuñ. 2024	4	87
Xul. 2024	3	85
Ago. 2024	3	84
Set. 2024	3	84

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións



O número de empresas activas de servizos técnicos de arquitectura aumentou lixeiramente de 356 a 360. As de deseño especializado fluctuaron durante o ano, iniciando con 72 e finalizando en 69. Nas de fotografía houbo unha diminución inicial ata xaneiro, seguida dunha recuperación que deixou o número final en 98. Por último, as empresas de tradución e interpretación oscilaron ao longo do período pasando de 25 a 21.

**Evolución do número de empresas nas actividades profesionais da cultura**

	Servizos técnicos de arquitectura	Deseño especializado	Fotografía	Tradución e interpretación
Set. 2023	356	72	102	25
Out. 2023	354	70	102	26
Nov. 2023	353	72	101	28
Dec. 2023	352	68	96	26
Xan. 2024	350	62	91	26
Feb. 2024	352	61	90	25
Mar. 2024	352	62	87	25
Abr. 2024	351	63	89	26
Mai. 2024	353	64	93	23
Xuñ. 2024	357	65	97	27
Xul. 2024	360	70	94	25
Ago. 2024	361	67	96	24
Set. 2024	360	69	98	21

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

O número de empresas de educación cultural están suxeitas a cambios estacionais, polo que experimentan unha notable variabilidade ao longo da serie temporal. Alcanzan unha cifra máxima de 142 activas en abril de 2024 e unha mínima de 78 en agosto, antes de recuperarse e aumentar ata 112 no mes de setembro. O sector das artes escénicas mostra tamén unha gran variación no número de entidades, con incrementos destacados nos meses de xuño (208) e agosto (230), aínda que a cifra diminúe ata 196 en setembro de 2024.

**Evolución do número de empresas nas actividades de educación cultural, artes escénicas e artes creativas**

	Educación cultural	Artes escénicas	Actividades auxiliares ás artes escénicas	Creación artística e literaria	Xestión de salas de espectáculos
Set. 2023	116	199	63	28	23
Out. 2023	132	166	59	22	21
Nov. 2023	139	147	56	26	20
Dec. 2023	138	163	50	26	18

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

Xan. 2024	138	138	48	23	17
Feb. 2024	136	153	48	27	18
Mar. 2024	142	144	45	26	19
Abr. 2024	141	151	48	27	21
Mai. 2024	134	181	54	27	21
Xuñ. 2024	112	208	57	33	24
Xul. 2024	80	181	57	25	22
Ago. 2024	78	230	60	28	22
Set. 2024	112	196	56	23	21

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

O número de empresas activas relacionadas con museos aumentou de 38 a 39. As relacionadas coa xestión de lugares e edificios históricos permaneceu estable en torno a 16-18 empresas, mentres que as de actividades de xardíns botánicos e similares aumentaron de 12 a 13. A cifra de entidades de bibliotecas flutuaron, pechando o período con 16 entidades, mentres que as de arquivos se mantiveron constantes en 5 ao longo de todo o ano.



### Evolución do número de empresas nas actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outros servizos culturais

	Museos	Xestión de lugares e edificios históricos	Actividades dos xardíns botánicos...	Bibliotecas	Arquivos
Set. 2023	38	18	12	16	5
Out. 2023	37	18	12	17	5
Nov. 2023	38	17	12	18	5
Dec. 2023	38	16	12	19	5
Xan. 2024	37	16	12	17	5
Feb. 2024	36	16	11	17	5
Mar. 2024	37	16	12	17	5
Abr. 2024	37	16	14	16	5
Mai. 2024	38	17	14	16	5
Xuñ. 2024	39	17	12	18	5
Xul. 2024	40	16	12	18	5
Ago. 2024	40	16	13	18	5
Set. 2024	39	16	13	16	5

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

#### 4. Comercio exterior e intracomunitario de produtos culturais

Este apartado realizouse cos datos dunha explotación da estatística elaborada polo IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

Entre 2019 e 2023 incrementáronse un 88% as exportacións nas principais actividades culturais de Galicia. Aínda que no conxunto destas se observa unha tendencia á alza nas cifras de exportacións, no ano 2023 produciuse unha diminución dun 2,4% con respecto ao ano anterior, principalmente debido ás actividades de edición e de creación, artísticas e espectáculos, cuxas cifras de exportación descenderon nun 6,6% e nun 6% respectivamente. De todos os xeitos, as actividades de edición seguen a achegar as cifras máis elevadas en termos de exportacións.

No que se refire ás importacións, neste período incrementáronse apenas nun 1%, pero houbo dous anos nos que aumentaron considerablemente, concretamente en 2020 nun 30,3% e en 2022 nun 12,8%, debido tamén á importancia das actividades de edición e de creación, artísticas e espectáculos.

##### **Evolución do comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE-2009 (miles de euros)**

	2019	2020	2021	2022	2023
<i>Exportacións/expedicións</i>					
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	209,9	180,5	238,7	323,8	467,3
58 Edición	5.787,8	8.106,5	8.016,5	10.681,4	9.970,9
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	204,9	110,2	79,2	773,4	1.067,8
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	390,8	150,3	344,1	467,6	439,3
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	0,0	1,7	6,0	0,0	1,0
<b>Total produtos culturais</b>	<b>6.593,4</b>	<b>8.549,2</b>	<b>8.684,5</b>	<b>12.246,2</b>	<b>11.946,3</b>
<i>Importacións/introducións</i>					
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	67,3	66,6	108,2	83,7	63,0
58 Edición	6.085,6	6.230,9	5.332,9	7.514,2	5.869,4

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	1.048,6	916,3	1.310,7	845,6	1.163,7
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	358,6	2.550,4	787,7	510,5	710,9
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	228,9	384,5	189,7	71,0	62,6
Total produtos culturais	7.789,0	10.148,7	7.729,2	9.025,0	7.869,6

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Para observar os datos de evolución mensual de importacións e exportacións súmanse os valores dos seguintes produtos TARIC (Arancel Integrado das Comunidades Europeas):

37 - Produtos fotográficos ou cinematográficos.

49 - Produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografados e planos.

85 - Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación.


92 - Instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos.

97 - Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade.

Os datos de exportacións presentan, entre agosto de 2023 e agosto de 2024 unha tendencia á alza, cun incremento dun 19,7%. En contraste, as cifras globais de comercio exterior teñen unha evolución negativa, cunha caída dun 4,5%.

No caso das importacións, os produtos culturais amosan unha tendencia máis parella ao conxunto, que se podería describir como negativa dentro dunha certa irregularidade.

### Evolución comparativa entre as exportacións e importacións de produtos culturais e totais (miles de euros)




Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

## 5. Índice de prezos ao consumo

A variación anual do IPC de produtos relacionados co ocio e a cultura en Galicia sitúase nun 0,8%, no mes de setembro de 2024, 0,5 puntos por debaixo do IPC xeral. Como se pode ver na seguinte gráfica, aínda que os prezos soben ao longo do período estudado (setembro 2023 - setembro 2024) moderan o seu ascenso, xa que a variación anual do IPC cultural ao principio da serie establecíase nun 4,6%, 3,8 puntos porcentuais por riba do último dato. O mesmo sucede co índice xeral que, aínda que aumenta un 1,3% en setembro de 2024, esta suba supón 2,4 puntos menos que no mesmo mes de 2023.


## Evolución da porcentaxe de variación anual do IPC xeral e de ocio e cultura en Galicia



Fonte: Instituto Galego de Estatística

A variación anual do IPC de produtos relacionados co ocio e a cultura en Galicia sitúase por debaixo do total de España que para o mesmo período se atopa no 1,1%. As liñas de tendencia da comunidade galega e do conxunto estatal son similares durante a serie temporal, con cifras de variación moi parecidas.

## Evolución da porcentaxe de variación anual do IPC de ocio e cultura




Fonte: Instituto Galego de Estatística

A continuación analízase a evolución da variación anual do IPC dos tres subgrupos de ocio e cultura no período comprendido entre os meses de setembro de 2023 e 2024. En canto á prensa, libros e artigos de papelería o índice modera a súa subida, cunha variación dun 2,9%, 1,7 puntos porcentuais menos do que aumentaba en 2023. No caso dos servizos recreativos, deportivos e culturais o aumento é aínda menor, un 0,9% en setembro de 2024, cunha pequena variación de 0,3 puntos con respecto a 2023. O único subgrupo que se sitúa en taxas negativas do IPC durante a serie temporal é o que corresponde aos equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información, cunha baixada dun 2,3%. Con todo, esta redución modérase en relación co dato inicial do período (-5,3%). Como se pode advertir na seguinte gráfica, o aumento dos prezos en cultura está vinculado sobre todo con prensa, libros e artigos de papelería.

**Evolución da porcentaxe de variación anual do IPC de ocio e cultura en Galicia, por subgrupos**

DOCUMENTOS  
DE TRABALLO  
**CCG**



Fonte: Instituto Galego de Estatística

## 6. Gasto dos fogares galegos nos produtos e servizos culturais

O gasto dos fogares galegos en produtos e servizos culturais aumentou progresivamente a partir de 2019 ata superar os 500 millóns de euros en

2023, o que supón un incremento dun 39,9% durante o quinquenio analizado. O índice de gasto cultural sobre o total sobe no último ano da serie con respecto aos dous anos anteriores e sitúase nun 1,38%.

#### Evolución do gasto dos fogares galegos nalgúns produtos e servizos culturais

	2019	2020	2021	2022	2023
Gasto total	29.408.896,71	27.548.112,14	31.516.456,14	34.710.015,80	36.363.768,67
Gasto nalgúns produtos e servizos culturais	357.486,19	409.065,96	424.592,65	441.813,34	500.166,56
Porcentaxe sobre o gasto total	1,22	1,48	1,35	1,27	1,38

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

A análise do gasto dos fogares por tipo de produto ou servizo está suxeito á clasificación europea de consumo (ECOICOP), que no caso do grupo “Ocio, espectáculos e cultura” abrangue varios tipos de equipos e servizos. Os equipos de recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe inclúen aparatos como televisións, reprodutores de vídeo, radios e equipos de música. Os equipos de procesamento da información cobren ordenadores, impresoras e software. Os soportes de imaxe, son e datos engloban soportes físicos como CD e Blu-ray, ademais de servizos de descarga e streaming de música e películas. Os servizos culturais céntranse en entradas para cines, teatros, espectáculos e cotas de subscripción a plataformas. A categoría de libros abarca todo tipo de libros, incluídos os de texto, así como os electrónicos. Finalmente, a prensa inclúe xornais e revistas.

Dos seis indicadores estudados, dous reflicten unha redución específica do gasto no último ano. Trátase dos equipos de procesamento da información (-5,1 millóns), así como dos de recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe (-13,6 millóns), aínda que en ambos os dous casos se produce un incremento da contía ao longo do quinquenio (31,8% e 40,9% respectivamente). Hai que salientar que a prensa é o único produto que experimenta unha redución do gasto ao longo de toda a serie temporal (-5%).

A seguinte táboa analiza a evolución do gasto dos fogares galegos en cada un destes seis tipos de servizos ou produtos culturais. O maior desembolso efectuado polas familias en materia cultural foi o destinado a servizos culturais: 151,7 millóns de euros, é dicir, un 30,3% do total. Esta cifra supón un incremento dun 46,5% durante o período de estudo, cunha



suba de máis de 55 millóns de euros no último ano. O segundo produto ao cal se destina unha maior contía son os libros: 118,2 millóns de euros (un 23,6% do total), cifra que representa un incremento dun 21,9%. Ademais, en 2023 aumenta o desembolso en 10,4 millóns con respecto ao ano anterior.

Os servizos de procesamento da información ocupan o terceiro lugar no destino do desembolso cultural das familias, con 82,2 millóns de euros, aínda que en 2023 se situou en cifras inferiores aos anos 2020, 2021 e 2022. A cuarta opción de gasto das familias ten que ver cos equipos para a recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe, cuxa contía ascende a 56,3 millóns de euros en 2023. Porén, diminúe con respecto aos dous anos previos. Con todo, o maior crecemento protagonízano os soportes de imaxe, son e datos, cun incremento do gasto dos fogares de máis dun 272%: dos 14,3 millóns en 2019 pasouse a 53,3 millóns en 2023. Aínda que o gasto en prensa aumentou ata os 37,9 millóns de euros en 2023, un 6,1% máis que o ano anterior, a tendencia é negativa ao longo da serie analizada, xa que esta cifra diminúe en 2 millóns de euros con respecto a 2019.


**Evolución do gasto dos fogares galegos nalgúns produtos e servizos culturais (miles de euros)**

	2019	2020	2021	2022	2023
Equipos para a recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe	39.984,93	50.924,59	61.445,00	61.510,73	56.351,38
Equipos de procesamento da información	62.610,22	99.146,13	117.104,78	96.176,96	82.544,13
Soportes de imaxe, son e datos	14.316,98	22.236,86	29.252,53	43.895,03	53.312,34
Servizos culturais	103.602,17	56.507,14	49.886,90	96.606,87	151.726,50
Libros	96.959,42	132.888,72	121.685,37	107.824,86	118.236,39
Prensa	40.012,47	47.362,52	45.218,07	35.798,89	37.995,82

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

A seguinte gráfica dá conta da distribución do gasto dos fogares galegos en servizos ou produtos culturais segundo a contía do gasto en 2023. O reparto das porcentaxes deste desembolso sobre o total dos indicadores serían do seguinte xeito: un 30,3% servizos culturais, un 23,6% libros, un 16,5% equipos de procesamento da información, un 11,3% equipos para a recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe, un 10,7% soportes de imaxe e un 7,6% prensa.

### Distribución do gasto dos fogares galegos nalgúns produtos e servizos culturais en 2023 (miles de euros)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística

Os datos de consumo con tarxeta<sup>3</sup> en tempo real (datos de gasto con tarxeta subministrados polas entidades bancarias) para o total de España indican unha contracción interanual do consumo en ocio e cultura do 3,5% en setembro de 2024, superior ao descenso xeral que se sitúa no 1,1%<sup>4</sup>.


## 7. Confianza dos consumidores

Un 70,4% dos membros dos fogares galegos permitíronse realizar actividades de ocio como saír a cear ou ir a cafeterías e asistir a eventos culturais como o cine e o teatro nos últimos tres meses. Esta porcentaxe experimentou un aumento moi significativo dun 64,1% entre o terceiro trimestre de 2021 e o mesmo período de 2024. Este crecemento denota unha sólida recuperación da confianza das familias que acada a cota máis elevada neses tres anos e que presenta unha liña de tendencia positiva.

<sup>3</sup> Datos de gasto con tarxeta subministrados polas entidades bancarias

<sup>4</sup> <https://www.bbvaesearch.com/special-section/bigdata/>


### Evolución da porcentaxe de fogares galegos que se permitiron saír a cear, a cafeterías, ir ao cine e ao teatro, nos últimos tres meses



Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Así mesmo, un 70,7% dos membros dos fogares galegos consideran que poderán saír a cear, a cafeterías e tamén ir ao cine e ao teatro nos vindeiros meses. Esta cifra supón un aumento dun punto porcentual con respecto ao mesmo período do ano anterior e de 8,3 puntos en relación con 2022, pero cunha diferenza superior aos 20 puntos en comparación co ano 2021. É dicir, se no terceiro trimestre só a metade das familias en Galicia tiñan estas expectativas, en 2024 superan o 70%. Esta clara liña de tendencia alcista nos tres anos analizados amosa unha evolución positiva da confianza do consumidor en relación coa posibilidade de permitirse certos gasto extras.

### Evolución da porcentaxe de fogares que teñen pensado permitirse saír a cear, a cafeterías, ir ao cine, ao teatro nos próximos tres meses



Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

## 8. Gasto público en cultura

Os orzamentos da Xunta de Galicia destinados a cultura e normalización lingüística experimentaron un incremento dun 1,3%, fronte ao 4,6% do total dos orzamentos da Administración autonómica. Como se mostra na seguinte táboa, no ano 2021 prodúcese o maior aumento do quinquenio estudado en materia de cultura e lingua, 20,8 millóns de euros máis que en 2020 (16,2 e 4,5 millóns respectivamente). En 2023 o incremento foi do 11,6%. A porcentaxe destinada a cultura, con respecto ao total dos orzamentos da Xunta de Galicia, mantense nun 0,8%.

### Evolución do orzamento da Xunta de Galicia en Cultura (miles de euros)

	2020	2021	2022	2023	2024
Total	11.822	13.397	13.118	14.167	14.815
Normalización lingüística	8.507	13.062	10.105	10.908	11.049
Cultura	74.885	91.165	96.414	104.609	105.585
Total cultura e normalización lingüística	83.392	104.227	106.519	115.517	116.634
Porcentaxe sobre o total	0,7	0,8	0,8	0,8	0,8

Fonte: IGE. Consellería de Facenda. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

Entre 2020 e 2024, o gasto en cultura das entidades locais galegas, que inclúe o dos concellos e o das deputacións provinciais co aumentou progresivamente, pasando de 199,3 a 241,5 millóns de euros. A porcentaxe deste gasto sobre o total variou lixeiramente, empezando nun 7% en 2020, baixando a un 6,7% en 2021, subindo a un 7,6% en 2023 e retornando a un 6,7% en 2024. A pesar do aumento absoluto do gasto, a súa proporción no orzamento total mantívose sen unha tendencia clara de incremento constante, debido a aumentos maiores noutras partidas orzamentarias.

### Evolución do gasto en cultura das entidades locais galegas e porcentaxe sobre o total (miles de euros)

	Gasto en cultura	Porcentaxe sobre o total
2020	198.312	7,0
2021	194.901	6,7
2022	209.091	6,8
2023	233.576	7,6
2024 <sup>5</sup>	241.549	6,7

Fonte: Ministerio de Hacienda y Función Pública

<sup>5</sup> Datos de 2024 non consolidados (provisionais)

Entre 2020 e 2024 o gasto en cultura dos concellos galegos incrementouse de 161,9 a 191,1 millóns de euros. No conxunto do gasto cultural das entidades locais galegas, os concellos representaron unha media de aproximadamente o 80%. A pesar do aumento do gasto, a súa proporción sobre o total mantívose sen crecemento.

**Evolución do gasto en cultura dos concellos galegos e porcentaxe sobre o total do gasto (miles de euros)**

	2020	2021	2022	2023	2024
Gasto dos concellos en cultura	161.888	156.443	168.629	181.730	191.054
% gasto en cultura dos concellos sobre o total das entidades locais	81,6	80,3	80,6	77,8	79,1
% do gasto total dos concellos destinado a cultura	6,7	6,2	6,4	6,9	6,4

Fonte: Ministerio de Hacienda y Función Pública

Entre 2020 e 2024, o gasto en cultura das deputacións galegas aumentou de 40,1 a 50,5 millóns de euros, alcanzando un pico de 54,8 millóns en 2023. A porcentaxe que este gasto representa sobre o total das entidades locais variou, chegando ao máximo do 23,4% en 2023 antes de descender ao 20,1% en 2024. En relación co gasto total das propias deputacións, a porcentaxe destinada a cultura flutuou entre o 7,7% e o 9,3%, cun máximo en 2023, o que indica un esforzo significativo no financiamento cultural dese ano, seguido dunha redución en 2024.

**Evolución do gasto en cultura das deputacións galegas e porcentaxe sobre o total do gasto (miles de euros)**

	2020	2021	2022	2023	2024
Gasto das deputacións en cultura	40.098	41.769	43.576	54.753	50.496
% gasto en cultura das deputacións sobre o total das entidades locais	20,2	21,4	20,8	23,4	20,1
% do gasto total das deputacións destinado a cultura	7,7	8,1	8,0	9,3	7,8

Fonte: Ministerio de Hacienda y Función Pública

O gasto dos concellos galegos mostra contrastes por provincias, tanto en termos absolutos como na proporción sobre o total de gasto en cada área. Os concellos da Coruña, cun gasto que crece de 85,3 a 106,1 millóns de euros, mantén unha proporción constante de arredor do 7,7%-7,9% sobre o

seu gasto total. Os de Pontevedra, cun incremento de 45,5 a 55,4 millóns, tamén experimentan un aumento na súa parte de gasto cultural, chegando ao 6,9% en 2023 pese a descender en 2024. Os municipios de Lugo manteñen unha proporción relativamente estable, arredor do 5,5%-5,9%, mentres que os de Ourense reducen tanto o gasto absoluto como a proporción dedicada a cultura, que baixa ata o 3,8% en 2023, porcentaxe claramente inferior ao resto das provincias. Estas diferenzas subliñan o maior peso relativo que as provincias da Coruña e de Pontevedra conceden á cultura dentro dos seus orzamentos, fronte ao descenso da de Ourense.


**Evolución do gasto dos concellos galegos por provincia e porcentaxe do gasto en cultura sobre o total (miles de euros)**

		2020	2021	2022	2023	2024
Concellos da Coruña	Total	85.250	82.864	89.915	93.222	106.078
	% sobre o gasto total	7,9	7,3	7,4	7,9	7,7
	% sobre o gasto en cultura dos concellos galegos	52,7	53	53,3	51,3	55,5
Concellos de Lugo	Total	18.164	17.710	19.360	21.254	20.908
	% sobre o gasto total	5,6	5,4	5,8	5,8	5,5
	% sobre o gasto en cultura dos concellos galegos	11,2	11,3	11,5	11,7	10,9
Concellos de Ourense	Total	13.006	11.618	11.578	11.525	8.621
	% sobre o gasto total	4,5	4,1	4,0	4,0	4,2
	% sobre o gasto en cultura dos concellos galegos	8,0	7,4	6,9	6,3	4,5
Concellos de Pontevedra	Total	45.468	44.251	47.776	55.729	55.446
	% sobre o gasto total	6,1	5,8	5,8	6,9	6,3
	% sobre o gasto en cultura dos concellos galegos	28,1	28,3	28,3	30,7	29,0

Fonte: Ministerio de Hacienda y Función Pública

## 9. Edición de libros con ISBN

Neste apartado ofrécense os principais resultados relativos á produción do libro obtidos da Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN. En Galicia a cifra total de libros inscritos en ISBN en 2023 é de 2.955, dato que mostra unha variación importante ao longo da serie temporal analizada, cun aumento dun 44,2% desde 2019 ata 2023. Esta cifra de 2023 constitúe o maior número de libros inscritos en ISBN dende 2011. Galicia destaca por un crecemento sostido en comparación co comportamento máis oscilante no ámbito estatal, xa que no último ano da serie a cifra de libros inscritos en ISBN é considerablemente inferior á de 2022, con case 5.500 menos.



Fonte: Ministerio de Cultura. Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN

Galicia experimentou un aumento no rexistro de libros en soporte papel, pasando de 1.782 en 2019 a 2.398 en 2023. No caso doutros soportes, o número de inscricións oscilou, cun incremento notable en 2020 (782) e certa estabilización nos anos seguintes, ata acadar os 557 en 2023. No conxunto estatal a tendencia foi similar, con leves descensos nos últimos dous anos de estudo nos libros e unha lixeira alza noutros soportes ata 2022, seguida dunha redución en 2023. A comunidade galega mantén unha tendencia de crecemento no caso dos libros publicados en papel que destaca fronte á estabilidade xeral. Con todo, a proporción de libros editados en soportes distintos do papel é moi inferior ao total de España en 2023: un 19% do total fronte a un 31% no conxunto estatal.

#### Evolución de libros inscritos en ISBN por soporte

	2019	2020	2021	2022	2023
<i>España</i>					
Libros en soporte papel	65.303	52.139	64.645	61.324	60.012
Libros noutros soportes	24.770	26.283	28.077	31.292	27.110
<i>Galicia</i>					
Libros en soporte papel	1.782	1.977	2.103	2.094	2.398
Libros noutros soportes	267	782	461	514	557

Fonte: Ministerio de Cultura. Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN

Nos datos analizados por subsectores cómpre salientar que en Galicia o número de libros infantís e xuvenís incrementouse un 64,3% en 2023 con

respecto ao ano anterior, ata acadar os 708 libros desta temática, a cifra máis elevada do período analizado. Así mesmo, a creación literaria tamén experimenta un crecemento sostido ata chegar á cifra de 759 novos libros rexistrados, 71 máis que en 2022. Pola contra, os de ciencias sociais e humanidades, despois de acadar un pico de 786 libros en 2020, diminuíron ata 643 en 2023, o que implica unha redución dun 9%. Outros sectores como os de temática científica e técnica amosan unha lixeira recuperación ata 175 rexistros en 2023, o que implica un aumento de 53 libros máis ca en 2022.

Se se comparan estes datos coas cifras do conxunto estatal, comprobábase que en xeral Galicia segue a tendencia nacional, con certas excepcións en categorías específicas, nas que o crecemento é máis marcado como nas de infantil e xuvenil e creación literaria. Aínda así, obsérvase un maior peso proporcional na literatura infantil e xuvenil e nos libros de texto, mentres que as categorías máis académicas, como ciencias sociais e humanidades ou os libros científico-técnicos, teñen un menor peso en comparación co total de España. Este perfil suxire unha orientación editorial máis centrada en libros educativos e para público infantil na comunidade galega, mentres que o mercado editorial estatal amosa unha maior diversidade en termos de produción académica e técnica.

#### Evolución de libros inscritos en ISBN por subsectores


	2019	2020	2021	2022	2023
<i>España</i>					
Infantil e xuvenil	10.052	9.060	10.149	10.587	10.095
Libros de texto	5.776	7.957	5.101	7.191	6.698
Creación literaria	21.895	17.020	21.892	22.880	20.967
Ciencias sociais e humanidades	32.717	25.935	36.660	32.351	31.094
Científicos e técnicos	10.544	9.559	10.030	11.114	9.656
Tempo libre	7.116	6.632	6.757	6.642	6.630
Outros	1.973	2.259	2.133	1.851	1.982
<i>Galicia</i>					
Infantil e xuvenil	413	458	610	431	708
Libros de texto	137	596	150	414	480
Creación literaria	590	651	706	688	759
Ciencias sociais e humanidades	602	786	759	695	643
Científicos e técnicos	136	132	158	122	175
Tempo libre	152	108	152	207	160
Outros	19	28	29	51	30

Fonte: Ministerio de Cultura. Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN



Os libros publicados en lingua galega amosan unha tendencia cara ao incremento nos últimos anos. En 2023 rexistráronse 1.857 libros publicados en galego, o valor máis alto do período analizado, que presenta un crecemento sostido desde 2019. En contraste, o número de libros traducidos ao galego é moito menor, con 38 rexistros en 2023, cifra que se mantén relativamente estable ao longo do período.

#### Evolución dos libros inscritos en ISBN publicados ou traducidos ao galego



Fonte: Ministerio de Cultura. Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN

A cifra de editoriais aumentou en Galicia de forma sostida ao longo do período, pasando de 137 en 2019 a 160 en 2023. Este crecemento é destacable en comparación coa lixeira diminución no total estatal. A produción media por editorial na comunidade galega é consistentemente menor á do conxunto de España. Así en 2023 a media era de 18 libros fronte a 28.

#### Evolución de editores con actividade e produción media por editorial

	2019	2020	2021	2022	2023
<i>España</i>					
Editores	3.170	2.986	3.164	3.132	3.109
Produción media	28	26	29	30	28
<i>Galicia</i>					
Editores	137	144	156	151	160
Produción media	15	19	16	17	18

Fonte: Ministerio de Cultura. Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN

## 10. Cine

Os datos sobre cines e salas de exhibición proceden da Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento elaborada polo Ministerio de Cultura e actualizados ata o ano 2023. A cifra deste tipo de equipamentos culturais mostra estabilidade en Galicia, con 38 cines desde 2019, mentres que o número de salas variou lixeiramente. No ámbito estatal a tendencia tamén se mantén, aínda que en 2023 incrementouse en 13 cines con respecto ao ano anterior. Galicia sostén unha densidade de salas por habitante inferior á media estatal, dato que reflicte unha menor oferta proporcional.

### Evolución do número de cines e salas de exhibición

	2019	2020	2021	2022	2023
<i>España</i>					
Cines	764	750	710	731	744
Salas de exhibición	3.695	3.701	3.625	3.650	3.608
Salas de exhibición por 100.000 habitantes	7,9	7,8	7,6	7,7	7,5
<i>Galicia</i>					
Cines	38	37	38	38	38
Salas de exhibición	182	175	190	189	183
Salas de exhibición por 100.000 habitantes	6,7	6,5	7,0	7,0	6,8

Fonte: Ministerio de Cultura. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

Con respecto á asistencia aos cines, pode observarse unha recuperación gradual na comunidade galega despois de 2020, xa que se constata un incremento de dous millóns de espectadores entre 2020 e 2023, cunha asistencia media por habitante que sobe de 0,4 a 1,2 no mesmo período. A pesar das melloras, Galicia mantense por debaixo da media nacional en asistencia *per cápita*, que alcanza un 1,6 en 2023 e no número de espectadores por sala.

### Evolución da cifra de espectadores

	2019	2020	2021	2022	2023
<i>España</i>					
Valor absoluto (millóns)	104,9	27,0	41,7	59,1	76,7
Porcentaxe	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Espectadores por sala	28.387	7.296	11.511	16.192	21.262
Asistencia media por habitante	2,2	0,6	0,9	1,2	1,6



<i>Galicia</i>					
Valor absoluto (millóns)	4,2	1,2	1,8	2,5	3,2
Porcentaxe	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Espectadores por sala	23.311	6.736	9.374	13.059	17.370
Asistencia media por habitante	1,6	0,4	0,7	0,9	1,2

Fonte: Ministerio de Cultura. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

Despois da caída de 2020, a recadación cinematográfica en Galicia mostra unha recuperación constante. En 2021, crece ata 10,3 millóns de euros, cun aumento sostido ata os 14,9 millóns en 2022 e finalmente ata 20,1 millóns en 2023, preto das cifras previas á pandemia de 2020. Paralelamente, o gasto medio por habitante segue unha tendencia similar, subindo de 2,5 euros en 2020 a 7,5 euros en 2023, o cal indica unha volta paulatina do público ás salas de cine. O gasto por espectador mantense bastante estable, cun lixeiro incremento de 0,6 euros entre 2020 e 2023. A recuperación en Galicia é proporcionalmente similar á do conxunto do Estado en termos de recadación total, pero inferior no que se refire ao gasto por espectador.

#### Evolución dos indicadores de recadación


	2019	2020	2021	2022	2023
<i>España</i>					
Valor absoluto (millóns de euros)	614,7	161,0	251,9	367,5	493,0
Gasto medio por habitante (euros)	13,1	3,4	5,3	7,7	10,3
Gasto medio por espectador (euros)	5,9	6,0	6,0	6,2	6,4
<i>Galicia</i>					
Valor absoluto (millóns de euros)	24,1	6,7	10,3	14,9	20,1
Gasto medio por habitante (euros)	8,9	2,5	3,8	5,5	7,5
Gasto medio por espectador (euros)	5,7	5,7	5,8	6,0	6,3

Fonte: Ministerio de Cultura. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

As películas exhibidas mostran unha clara tendencia á alza. Na comunidade galega, esta cifra pasa de 445 filmes en 2020 a 686 en 2023, un incremento significativo que supera os niveis de 2019. No ámbito estatal tamén se observa unha mellora, aínda que con lixeiras fluctuacións.



Evolución do número de películas exhibidas




Fonte: Ministerio de Cultura. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales. Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento

## 11. Turismo cultural

En 2023 as persoas residentes en España realizaron máis de 714.000 viaxes a Galicia por motivos culturais, 141.000 máis que en 2019, cifra que representa o 6,2% do total de viaxes culturais con destino España. Como mostra a seguinte gráfica, a liña de tendencia é positiva a pesar de que no último ano do quinquenio analizado se percibe unha lixeira baixada con respecto ao ano anterior (34.800 viaxes menos). No conxunto do Estado, o número de viaxes culturais crece progresivamente ata un total de 11,5 millóns en 2023, 1,5 millóns máis que en 2019 e case 500.000 por riba de 2022.


Evolución do número de viaxes de residentes en España realizados principalmente por motivos culturais, segundo destino (miles)



Fonte: Ministerio de Cultura. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

A media de duración das viaxes culturais realizadas a Galicia polos residentes en España é superior á do conxunto estatal ao longo de todo o quinquenio estudado. En 2023, estas visitas prolongáronse durante case 5 días<sup>6</sup> (4,7) fronte aos 3,4 do total de España. A tendencia sobre o tempo de estancia dos turistas culturais é moi regular no conxunto estatal, mentres que na comunidade galega comeza a descender a partir de 2020, ano no que se acada a cifra máxima con 6,3 días de duración, case o dobre da media do Estado.

**Evolución da duración media das viaxes dos residentes en España por viaxe realizadas principalmente por motivos culturais segundo destino (días)**




Fonte: Ministerio de Cultura. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

O gasto total dos residentes en España en viaxes de carácter cultural a Galicia foi de máis de 330 millóns de euros en 2023, case 111 millóns máis que en 2019. Como se pode observar na seguinte gráfica, a liña de tendencia no quinquenio analizado é alcista na comunidade galega. Con todo, experimentase un moderado descenso do gasto dos turistas que elixen a comunidade galega como destino en 2023 en relación con 2022: 3,8 millóns de euros menos. A evolución no conxunto estatal reflicte un aumento de case 4.420 millóns de euros do volume do gasto dos turistas que deciden visitar

<sup>6</sup> Considéranse viaxes de curta duración as de menos de catro noites. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

España, 1.400 millóns máis que no inicio desta serie temporal, cun crecemento de case 550 millóns de euros en 2023 en relación co ano anterior.


**Evolución do gasto total en viaxes de residentes en España realizados principalmente por motivos culturais segundo destino (millóns de euros)**



Fonte: Ministerio de Cultura. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

O volume do gasto por viaxe realizada das persoas que visitan Galicia principalmente por motivos culturais foi de case 464 euros en 2023, 80,8 euros máis que no conxunto do Estado (382,6 euros). Isto supón un aumento con respecto ao primeiro ano de estudo de 79,6 euros e de 16,4 euros en relación con 2022. Tanto no caso da comunidade galega como no do total de España, o acrecentamento do gasto é constante e xeneralizado, aínda que a contía do desembolso das persoas que visitan a comunidade galega é superior ao conxunto estatal ao longo de todo o período.

### Evolución do gasto de residentes en España por viaxe realizadas principalmente por motivos culturais segundo destino (euros)



Fonte: Ministerio de Cultura. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

## 12. Contabilidade trimestral

Neste apartado faise unha análise do comportamento das actividades culturais en comparación co conxunto de actividades que compoñen a economía galega a través da contabilidade trimestral do IGE. Dado o carácter coxuntural e de síntese que presenta esta estatística, as actividades culturais atópanse incluídas en dous grandes agregados ou seccións, xunto con actividades que non son de tipo cultural. O primeiro comprende as actividades de información e comunicación e inclúe a edición, todo o sector audiovisual, incluídas a radio e a televisión, así como as actividades de información. No segundo, no que se atopa o conxunto de actividades artísticas, recreativas e outros servizos inclúense os espectáculos e as actividades creativas, así como as de bibliotecas, arquivos, museos e outras de tipo cultural.

Tal e como se pode ver na táboa seguinte, a variación do valor engadido bruto (VEB) destas dúas seccións de actividades presentaron un comportamento dispar.



**Evolución da taxa de variación do PIB e do VEB das ramas económicas que conteñen actividades culturais. Volume encadeado de referencia (base 2015). Datos corrixidos de estacionalidade e calendario**

	PIBpm		VEB. Información e comunicacións		VEB. Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	
	Taxa de variación trimestre anterior	Taxa de variación interanual	Taxa de variación trimestre anterior	Taxa de variación interanual	Taxa de variación trimestre anterior	Taxa de variación interanual
2020/III	14,7	-6,5	7,0	-0,2	39,5	-8,3
2020/IV	0,6	-6,0	-0,9	0,7	-0,6	-11,2
2021/I	0,6	-0,7	-1,3	-6,1	-2,3	-3,4
2021/II	2,4	18,8	-1,4	3,1	4,2	41,1
2021/III	3,1	6,8	7,1	3,2	-1,1	0,0
2021/IV	0,8	7,1	6,2	10,7	1,1	1,7
2022/I	0,0	6,4	3,7	16,3	-3,5	0,4
2022/II	1,6	5,6	-0,2	17,8	0,5	-3,1
2022/III	0,3	2,7	0,5	10,5	4,8	2,7
2022/IV	0,0	1,9	0,0	3,9	-4,8	-3,4
2023/I	1,2	3,2	-4,4	-4,1	5,3	5,5
2023/II	0,0	1,5	2,9	-1,2	-0,4	4,6
2023/III	-0,2	0,9	0,9	-0,8	0,8	0,6
2023/IV	0,9	1,8	2,8	2,1	-0,5	5,3
2024/I	1,3	2,0	2,8	9,8	-0,6	-0,6
2024/II	0,5	2,5	1,1	7,9	-2,3	-2,5

Fonte: IGE

Na evolución mais recente, as actividades de información e comunicación manteñen unha tendencia de crecemento destacable, con incrementos importantes nos últimos cinco trimestres e un crecemento interanual no último trimestre dispoñible do 7,9%. En contraste, as actividades artísticas, recreativas e outros servizos presentan unha desaceleración en 2024 tras un crecemento moderado de 2023 que sitúa a taxa interanual no último dato dispoñible en retroceso (-2,5%). Este comportamento suxire que a demanda de servizos de comunicación e contidos audiovisuais se mantén forte, mentres que o sector de entretemento cultural e recreativo parece que está a experimentar unha fase de axuste ou caída na demanda.

En comparación coa evolución xeral da economía, que presenta unha tendencia de crecemento constante pero moderado en 2023 e 2024, o sector de información e comunicación mantén un crecemento superior e máis estable, mentres que actividades artísticas, recreativas e outros servizos amosa peor comportamento e maior volatilidade.



### 13. Conclusións

O emprego cultural total sitúase en 36.800 persoas en Galicia, practicamente a mesma cifra que hai un ano, pero cunha lixeira baixada nos últimos tres trimestres. A evolución é algo mellor no conxunto de España.

Os datos de afiliación á Seguridade Social do ámbito cultural na comunidade galega amosan un crecemento modesto entre setembro de 2023 e setembro de 2024, pasando de 20.553 a 20.769 afiliacións. Este incremento foi impulsado principalmente polos traballadores autónomos, que representan arredor do 45% do total de afiliacións. A porcentaxe de afiliacións culturais mantense estable en torno ao 1,9% do total en Galicia, cun patrón estacional que destaca o aumento en certas actividades durante os meses de verán. A situación con respecto ao que acontecía hai un ano podería considerarse como de estabilidade despois duns anos de crecemento importante.

Entre as actividades con mellor evolución está a educación cultural, o deseño especializado e os servizos de arquitectura, que rexistran aumentos sostidos. Pola súa parte, as actividades de fabricación de produtos culturais e as axencias de noticias e servizos similares experimentan unha diminución, con menos afiliacións con respecto ao ano anterior. As artes gráficas, especialmente nas áreas de impresión e preimpresión, e o comercio de produtos culturais (incluídas as librarías) mantéñense sen grandes variacións ao longo do ano. Por último, as artes escénicas, actividades creativas e exhibición cinematográfica mostran unha clara estacionalidade, cun aumento de afiliacións durante os meses de primavera e verán.

O ritmo de creación das empresas culturais mantense estable pero menos dinámico en comparación co conxunto do tecido empresarial galego. En termos de afiliacións á Seguridade Social, o número de empresas culturais activas reduciuse a comezos de ano, pero estabilizouse cara a setembro de 2024 en niveis semellantes aos do período anterior.

Despois de anos de crecemento das exportacións da industria culturais en Galicia houbo un retroceso do 2,4% en 2023. As actividades de edición continuaron liderando en termos de valor exportado. Pese a isto, nos últimos datos de 2024 as exportacións culturais amosan un incremento

.....

anual relevante. Pola súa parte, os prezos dos servizos e produtos culturais presentan certa moderación, despois das fortes subidas de anos anteriores.

En 2023, Galicia rexistrou máis de 714.000 viaxes de residentes en España por motivos culturais, cifra que representa un 6,2% do total de viaxes culturais no Estado, cunha tendencia crecente se se compara cos do ano 2019. As estadías na comunidade galega superan a media estatal, chegando a 4,7 días en 2023 fronte a 3,4 en España. O gasto total en viaxes culturais a Galicia foi de máis de 330 millóns de euros, un incremento de 111 millóns con respecto a 2019, aínda que experimentou un leve descenso en relación con 2022. Ademais, o gasto por viaxe en Galicia (464 euros) é superior ao rexistrado no conxunto de España.

Os datos de produción dalgúns dos sectores máis destacados da cultura indican tamén unha evolución positiva. Por exemplo, a produción de libros mostra un crecemento destacable, alcanzando 2.955 rexistros en 2023, o maior número dende 2011. Este crecemento é especialmente forte en libros infantís e xuvenís, que aumentaron un 64,3% en 2023 con respecto ao ano anterior. A creación literaria tamén experimenta un crecemento sostido, mentres que os libros de ciencias sociais e humanidades diminuíron un 9% desde 2020. Galicia mantén unha tendencia de maior produción en soporte papel en comparación con España, onde a diversificación cara a outros soportes é maior. As publicacións en galego tamén aumentaron ata 1.857 libros en 2023, pero as traducións ao galego seguen a ser escasas. En canto ás editoriais, a comunidade galega rexistrou un crecemento sostido no número de editoriais activas, aínda que a produción media por editorial (18 libros) é inferior á media estatal de 28.

Do mesmo xeito, a exhibición de cine en sala, que se viu moi castigada nos últimos anos, experimentou unha recuperación importante. O número de espectadores e a recadación aumentaron progresivamente ata 2023, ano no que o valor acadou os 20,1 millóns de euros e o gasto medio por habitante subiu a 7,5 euros. A asistencia media por habitante tamén se incrementou, chegando ata 1,2 euros, aínda que por debaixo da media estatal. O número de salas mantívose relativamente estable, cunha lixeira mellora na cifra de películas exhibidas, que alcanzou as 686 en 2023, superando os niveis previos á pandemia.

.....

A sensación de moderación, que viu precedida de grandes crecementsos, vista nalgúns indicadores tamén garda relación coa demanda das familias e da Administración. Os orzamentos de cultura e normalización lingüística da Administración autonómica incrementáronse nun millón de euros en 2024 ata os 116,6 millóns, o que indica un crecemento dun 1,3%, inferior ao incremento do gasto global. A porcentaxe do gasto en cultura e normalización lingüística sobre o global sitúase nun 0,8%. O gasto en cultura das entidades locais galegas experimentou un aumento absoluto maior, pasando de 233,6 millóns a 241,5 millóns de euros. Sen embargo, en termo relativos, a proporción do gasto cultural sobre o total das entidades locais reduciuse lixeiramente, do 7,6% ao 6,7%, o que significa que outras áreas orzamentarias medraron a un ritmo superior. Nos concellos, o gasto en cultura incrementouse de 181,7 a 191,1 millóns de euros. Parte da perda de peso explícase porque as deputacións mostraron un axuste á baixa, pasando de 54,8 millóns en 2023 a 50,5 millóns en 2024.

Así mesmo, o gasto dos fogares galegos en produtos e servizos culturais aumentou de maneira importante no último ano dispoñible (2023), chegando a máis de 500 millóns de euros, o que representa un 1,38% do gasto total. Os servizos culturais, que inclúen as entradas a espectáculos culturais, pero tamén as subscricións a plataformas de contidos audiovisuais de pago, destacaron como o maior gasto, con 151,7 millóns de euros (55 máis só no último ano), seguidos dos libros (118,2 millóns e cun crecemento máis moderado) e dos soportes de imaxe, son e datos. Aínda que o gasto en prensa aumentou lixeiramente, amosa unha tendencia decrecente a longo prazo. Os escasos datos de consumo real dos que se dispón en 2024, centrados nos que ofrecen as entidades bancarias sobre uso de tarxetas de pago, indican unha contracción do gasto en ocio e cultura. Malia isto, a confianza da poboación galega segue sendo moi positiva, cun 70% de fogares cuxos membros pensan que poderán permitirse saír a cear, a cafeterías, ir ao cine, ao teatro nos próximos tres meses.

Por último, na contabilidade trimestral obsérvanse diferentes comportamentos nos principais agregados do ámbito cultural. Entre 2023 e 2024, as actividades de información e comunicacións, que inclúen o sector editorial e audiovisual, amosan unha tendencia de crecemento constante e lixeiramente superior ao aumento xeral da economía. Pola súa parte, as actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que inclúen tamén as



actividades creativas e os espectáculos, experimentan unha desaceleración en 2024 tras un crecemento moderado en 2023. A demanda destes últimos parece estar suxeita a maior volatilidade e estacionalidade en comparación cos servizos de comunicación e contidos audiovisuais, que presentan unha demanda recente máis estable.